



Concello de Vigo

ASUNTO: AMPLIACIÓN DE INFORME

SOBRE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE DOS SERVIZOS DE REVISIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO.

Este informe é ampliación do redactado con data 3 de febreiro de 2011, a petición da Mesa de Contratación do día 4 de febreiro de 2011.

A Mesa de Contratación celebrada o día 1 de decembro realizou a apertura da documentación técnica para a contratación por procedimento aberto dos servizos de revisión do inventario municipal de bens e dereitos do concello de Vigo. Resultaron admitidas as empresas seguintes:

- 1º. CORESOLUTIONS S.L.
- 2º. PROINTEC
- 3º. SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.

O obxecto do contrato, segundo se indica na cláusula primeira do prego de prescripcións técnicas, é a contratación dos traballos e servizos necesarios para levar a cabo a comprobación, revisión e actualización do Inventario de bens e dereitos do Concello de Vigo (non comprende o Inventario do Patrimonio Municipal do Solo e demais inventarios separados relativo os OO.AA.).

No apartado 28 das Follas de características do contrato (FEC), establecense como materias que van a ser obxecto de valoración as seguintes as seguintes:

1.- Memoria, protocolos, procedementos e programa do Plan de Traballo: valorarase ata 35 puntos.

Constará dunha Memoria coa metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos, e o modelo de ficha proposto para cada un dos epígrafes do Inventario municipal de bens de dereitos, tomando en consideración as melloras e especificacións que se acheguen completando o contido mínimo requirido con carácter preceptivo.

Valorarase a idoneidade da Memoria. O proxecto iniciarase con un proceso de coñecemento da realidade patrimonial da Entidade, o segundo paso debe ter como obxectivo o desenvolvemento das accións que permitan coñecer o patrimonio, e a terceira conformar un documento dinámico, que garante con rigor a súa actualización

Así mesmo os protocolos e procedementos para dar as altas, baixas e modificacións, protocolo que deberá garantir que calquera alteración que se produza en contabilidade ten efectos en Patrimonio e viceversa e que garante igualmente a implicación de todas as unidades orgánicas e funcionais. As fórmulas de estudio e implicación das unidades orgánicas e funcionais da Institución co Patrimonio da Entidade, chegando a conclusión que todas están implicadas.

2.- Valoración do soporte lóxico: valorarase ata 5 puntos.

- Características técnicas da aplicación (50%)
 - Características do módulo de exportación de datos (40%).
 - Custe de adquisición da aplicación(10%).

3.- Melloras propostas polo licitador: ata 5 puntos.

Valoraranse únicamente as referidas a:



Responsabilidade de asistencia técnica inmediata no termo municipal de Vigo, mediante unha Oficina de traballo, coa dotación técnica e profesional axeitada para a execución do contrato e o seu posterior Concello de Vigo

Achega dunha táboa de prezos do custo das reformas e melloras que pódanse introducir no programa a requerimento do Concello, unha vez rematado o período de garantía. A táboa conterá a formula da súa actualización no tempo.

No tratamento da amortización acumulada, como se reparte por epígrafes, si se anula tendo en conta que a valoración que se fai xa leva incluídos os correctores de antigüidade, etc.

4. Persoal proposto (licenciado en derecho ou administrativo).
5. Menor prezo proposto.
6. Redución do prazo de execución dos traballos.

Os apartados 4, 5 e 6 deberán valorarse de acordo coa súa oferta económica, contida no sobre nº 3.

No Prego de prescripcións técnicas é destacable a súa cláusula XI, en relación co PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DOS TRABALLOS , que establece:

1.- Os traballos desenvolveranse en dous fases de 14 meses de duración cada unha delas , fixándose un orden de prioridade na súa execución en atención os epígrafes obxecto de revisión, reflectido no seguinte programa, que establece prazos de finalización e entrega dos traballos para a súa comprobación e revisión municipal.

2.- Con cada entrega dos traballos chegarase unha memoria do seu contido, e na que constara un cadro resumen dos bens e dereitos valorados, cuxa alta, baixa ou rectificación propóna.

3.- Programa de desenvolvemento e execución:

Os traballos acometeranse de acordo co seguinte orden e prazos previstos para a entrega dos traballos. Non obstante, axustaranse proporcionalmente, no seu caso, o que resulte da adxudicación do contrato.

A).- 1^a FASE.

I.- Acometeranse os seguintes traballos:

- Implantación da ferramenta informática.
- Adaptación da mesma ás necesidades do Concello, incluíndo o seu enlace operativo coa cartografía dixitalizada municipal.

- Metodoloxía e protocolos de altas, baixas, modificacións, procedementos, implicación de unidades, etc

- Volcado de datos dende a aplicación actual.

- Adestramento do persoal municipal, futuro usuario.

- Comprobación, revisión e actualización dos Epígrafes I, II e VIII.

II.- O resultado dos traballos dos Epígrafes I, II e VIII, deberanse presentar para a súa comprobación, en tres entregas parciais, alomenos de 2.000 fichas en cada unha delas, cun período mínimo de dous meses entre entrega e entrega, e prazo tope para efectuar a derradeira, a do derradeiro mes desta fase.

B).- 2^a FASE.

Subfase 1 .. Comprobación , revisión e actualización do Inventario das Vías Públicas. :

I.- Directrices básicas de execución:

· Os traballos acometeranse por Parroquias nas que estruturase o termo municipal.


· Elaboración dun borrador proposta de vías municipais por cada Parroquia.

· Sometemento a información veciñal en cada Parroquia, do borrador, por prazo mínimo de 15 días, de acordo co procedemento que no seu momento se lle sinale polo Concello.

· Exame e informe das alegacións e propostas veciñais que se presenten.

· Concreción da proposta final das vías públicas.

II.- O resultado dos traballos deberanse presentar para a súa comprobación, en dúas entregas con un período mínimo de dos meses entre entrega e entrega, e prazo tope para efectuar a derradeira a do noveno mes desta fase 2, comprendendo respectivamente os Tomo I e II de Viales do actual Inventario Municipal, xunto co tomo de características técnicas.



Concello de Vigo

Subfase 2. - Comprobación, revisión e actualización dos Epígrafes III, IV, V, VI, e VII .

O resultado dos traballos dos Epígrafes III, IV, V, VI, e VII., deberanse presentar para a súa comprobación por epígrafes completos, en dúas entregas, con un período mínimo de dos meses entre entrega e entrega, e prazo tope para efectuar a derradeira, a do doceavo mes desta fase.

C).- Derradeiro trimestre do prazo contractual: Efectuarase a entrega e presentación definitiva dos traballos, nos soportes e demais documentación esixida no presente prego, para a súa comprobación, aprobación e liquidación.

4.- Se como resultado das comprobacións existen errores ou defectos nos traballos entregados, o adxudicatario deberá levar a cabo as correspondentes rectificacións ou correccións, previamente a súa aprobación e liquidación.

VALORACIÓN DOS CRITERIOS NON VALORABLES MEDIANTE FÓRMULA.

1º. PROINTEC.

1. Memoria, protocolos, procedementos e programa do Plan de traballo.

A documentación que presenta a empresa contén a metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos, que se iniciarán cun proceso de investigación e recompilación de datos, co compromiso de cumplir o programa de desenvolvemento e execución dos traballos ao que se refire a cláusula XI do mesmo prego.

Na documentación presentada hai varias cuestións que deberán restar puntuación: o desenvolvemento e execución dos traballos, os medios persoais para a execución do contrato e o modelo de fichas proposto.

En relación co desenvolvemento e execución dos traballos a oferta ofrece unha redución no prazo de execución, que debería ofertarse no sobre 3, xunto á oferta económica.

En relación cos medios persoais para a execución do contrato, oferta o persoal esixido como mínimo, que debe estar dispoñible durante toda a vixencia do contrato, polo que parece un erro ofertar traballo presencial para este persoal esixido (cousa que se fai para unha licenciada en dereito e un administrativo) por 20 meses.

En relación ao modelo de fichas proposto, que deberá ter o contido reflectido na cláusula III do prego de prescripcións técnicas, onde se esixen unha serie de especificacións que teñen o carácter de contido mínimo, a empresa refirese as fichas en dúas partes da súa documentación: no anexo I, que denomina modelo de fichas, e no apartado 2.7, no que presenta, como exemplos, imaxes de inventarios desenvolvidos polo empresas para diversos organismos. No anexo I os modelos de fichas propostos, que están elaborados para unha Consellería, nin se adecúan a un Inventario de Bens municipais, nin se recollen tódolos epígrafes que establece para os Concellos o RBRL . Nos supostos que se inclúen, como exemplos, no apartado 2.7 tampouco se inclúen tódolos epígrafes que establece para os Concellos o RBRL .

A puntuación outorgada a empresa é de 20 puntos.

2.- Valoración do soporte lóxico. O Servizo de Informática valora este apartado con 2 puntos.

3.- Melloras propostas polo licitador. Valorase o compromiso de dotar unha oficina de traballo dentro do Concello de Vigo con recursos para unha asistencia técnica adecuada, sen determinar lugar, e a posta a disposición do equipo de soporte informático para reformas e mellora .

A puntuación outorgada a empresa é de 1.5 puntos.



CORESOLUTIONS S.L

Concello de Vigo

1. Memoria, protocolos, procedementos e programa do Plan de traballo.

A metodoloxía proposta pola empresa é excesivamente xenérica, sen que se detalle o procedemento para efectuar as altas e as baixas dos bens no Inventory nin o procedemento que permita obter un coñecemento da realidade patrimonial do Concello.

O desenvolvemento dos traballos proposto difícilmente parece axustarse ao que se establece nas cláusula VIII e XI do Prego de prescripcións técnicas en relación coa Comisión Municipal de Seguimento de Contrato e o Programa de Desenvolvemento e Execución dos Traballos en cuestións como o establecemento da figura de responsable municipal do proxecto cunhas funcións determinadas pola empresa.

A empresa presenta un cronograma que, se ben se axusta do desenvolvemento do traballo ao establecido na cláusula XI do prego de prescripcións técnicas, non especifica os prazos parciais de entrega.

A oferta ofrece unha redución no prazo de execución e persoal a maiores do esixido como mínimo, que deberían ofertarse no sobre 3, xunto a oferta económica.

A puntuación outorgada a empresa é de 7.5 puntos.

2.- Valoración do soporte lóxico. O Servizo de Informática valora este apartado con 3.5 puntos.

3.- Melloras propostas polo licitador. So se valora o compromiso de dotar unha oficina con recursos para unha asistencia técnica adecuada, sen determinar lugar.

A puntuación outorgada a empresa é de 0.5 puntos.

3.º SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L

1. Memoria, protocolos, procedementos e programa do Plan de traballo.

A documentación que presenta a empresa consta dunha carpeta denominada Presentacións e experiencia e de outra que contén a Memoria, protocolos, procedementos e programa do Plan de traballo, que contén a metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos, que se iniciarán cun proceso de investigación e recompilación de datos.

A documentación axústase ao esixido nos diversos apartados do prego de prescripcións técnicas (medios persoais, planos, contido das fichas e epígrafes, valoracións, etc), co compromiso de cumplir o programa de desenvolvemento e execución dos traballos ao que se refire a cláusula XI do mesmo prego.

A puntuación outorgada a empresa é de 30 puntos.

2.- Valoración do soporte lóxico. O Servizo de Informática valora este apartado con 3,5 puntos.

3.- Melloras propostas polo licitador. A empresa ofrece asistencia inmediata nunha Oficina de traballo xa operativa en Vigo, como Táboa de prezos para as reformas e melloras que se poidan introducir di que o seu custe sería o número de xornadas necesarias e di que o tratamento da amortización sería segundo o criterio do Concello.

A puntuación outorgada a empresa é de 2.5 puntos.





Concello de Vigo

Puntuación total.	Apartado 1	Apartado 2.	Apartado 3	Total
PROINTEC	20	2	1,5	23,5
CORESOLUTIONS S.L	7,5	3,5	0,5	11,5
SCI SERV. COLAB INTEGRAL S.L	30	3,5	2,5	36

Vigo, 4 de febreiro de 2011.
O TITULAR DO ÓRGANO DE APOIO
Á XUNTA DE GOBERNO.

Ado: M.X. Lorenzo Penela